

UNHA POÉTICA DA EMIGRACIÓN

CHANO PIÑEIRO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
17 e 18 xuño 2010

Non é posible comprender a complexidade das artes plásticas sen a presenza e a participación do cine, como un vector principal de referencia e tamén de experimentación. A 31.ª Bienal de Pontevedra inclúe o cine como unha linguaxe plástica e narrativa e, baixo o título de *Utrópicos*, aborda o ámbito de Centroamérica e o Caribe, cuxas conexións con Galicia se fraguaron nos itinerarios da emigración. A obra cinematográfica de Chano Piñeiro constitúe neste contexto un referente, polo tratamento humano da problemática social e individual da emigración en Galicia, pero tamén porque as súas películas impulsan a produción do cine en galego. Coincidindo co trixésimo quinto aniversario da rodaxe de *Mamasunción*, o CGAC e a Bienal de Pontevedra, en colaboración, propoñen unha homenaxe ao seu traballo que propicie unha reflexión sobre a importancia do seu legado coa proxección de *Mamasunción*, seguida dunha mesa redonda, e *Sempre Xonxa*.

Chano Piñeiro nace en Forcarei (Pontevedra) en 1954 e realiza as súas primeiras producións ao logo dos anos setenta en Super 8, destacando *Eu, o tolo*. (1978) e *Os paxaros morren no aire*. (1977). En 1984 roda en 35 milímetros *Mamasunción*, unha fábula sobre a emigración a América cargada de sentidos éticos e afectivos, en que unha nai espera durante anos unha carta do seu fillo emigrado. Por esta película recibe en 1985 o Premio da Crítica na Sección de Artes e Ciencias da Representación en Galicia. En 1989 roda a longametraxe *Sempre Xonxa*, tamén conectada coa temática da emigración e que se estreou simultaneamente en diversas cidades de Galicia. Nese momento afirmou como indicador dunha actitude que "facer cine en Galicia é posible; facer cine en galego é necesario". *O camiño das estrelas*, de 1993, é a última produción realizada antes de falecer en 1995 en Vigo.

Santiago Olmo

Uxía Blanco é actriz de cine (*Sempre Xonxa*, *A lingua das volvoretas*), teatro (*The Days Before*, de Robert Wilson, *Ollares de perfil*, de Roberto Cordovani) e televisión (*Cuéntame cómo pasó*, *El comisario*, *Hospital Central*). Conta, entre outros, co premio Zarauz do público e cunha nominación ao premio Francisco Rabal como actriz revelación por *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro, co premio Agapi á mellor interpretación feminina por *A lingua das volvoretas*, de José Luis Cuerda, e co premio á mellor actriz do Festival Internacional de Cine de Braga 2009 por *Contar*, de Manolo Abad. Durante dez anos presentou o programa *Planeta cine* na Televisión de Galicia.



Fotograma da película *Sempre Xonxa*, 1989 © Mariluz Montes. Cortesía do Arquivo Fotográfico do CGAI

No es posible comprender la complejidad de las artes plásticas sin la presencia y participación del cine, como un vector principal de referencia y también de experimentación. La 31.ª Bienal de Pontevedra, incluye el cine como un lenguaje plástico y narrativo y, bajo el título de *Utrópicos*, aborda el ámbito de Centroamérica y el Caribe, cuyas conexiones con Galicia se han fraguado en los itinerarios de la emigración. La obra cinematográfica de Chano Piñeiro constituye en este contexto un referente, por el tratamiento humano de la problemática social e individual de la emigración en Galicia, pero también porque sus películas impulsan la producción del cine en gallego. Coincidiendo con el trigésimo quinto aniversario del rodaje de *Mamasunción*, el CGAC y la Bienal de Pontevedra, en colaboración, proponen un homenaje a su trabajo que propicie una reflexión sobre la importancia de su legado con la proyección de *Mamasunción*, seguida de una mesa redonda, y *Sempre Xonxa*.

Chano Piñeiro nace en Forcarei (Pontevedra) en 1954 y realiza sus primeras producciones, entre las que destacan *tu, tolo* (1978) y *Os paxaros morren no aire* (1977), a lo largo de los años setenta en Super 8. En 1984 rueda en 35 milímetros. *Mamasunción*, una fábula sobre la emigración a América cargada de sentidos éticos y afectivos, en la que una madre espera durante años una carta de su hijo emigrado. Por esta película recibe en 1985 el Premio da Crítica en la Sección de Artes y Ciencias de la Representación en Galicia. En 1989 rueda el largometraje *Sempre Xonxa*, también conectado con la temática de la emigración y que se estrenó simultáneamente en diversas ciudades de Galicia. En ese momento afirmó como indicador de una actitud que "facer cine en Galicia é posible; facer cine en galego é necesario". *O camiño das estrelas*, de 1993, es su última produción realizada antes de fallecer en 1995 en Vigo.

Santiago Olmo

Uxía Blanco es actriz de cine (*Sempre Xonxa*, *La lengua de las mariposas*), teatro (*The Days Before* de Robert Wilson, *Ollares de perfil* de Roberto Cordovani) y televisión (*Cuéntame cómo pasó*, *El comisario*, *Hospital Central*). Cuenta, entre otros, con el premio Zarauz del público y con una nominación al premio Francisco Rabal como actriz revelación por *Sempre Xonxa*, de Chano Piñeiro, con el premio Agapi a la mejor interpretación femenina por *La lengua de las mariposas*, de José Luis Cuerda, y con el premio a la mejor actriz del Festival Internacional de Cine de Braga 2009 por *Contar*, de Manolo Abad. Durante diez años presentó el programa *Planeta cine* en la Televisión de Galicia.

Manolo González participa activamente desde 1984 no desenvolvemento do audiovisual galego. Realizou a investigación e catalogación da memoria audiovisual da emigración galega. Foi creador e director da Escola de Imaxe e Son da Coruña (1990-1998). Na actualidade é profesor do Máster de Produción e Xestión Audiovisual da Universidade da Coruña (1998-2010). Participou en numerosos eventos, festivais e mostras audiovisuais, así como en charlas e coloquios en foros nacionais e internacionais. En 1999 concedéuselle o premio de honra Fernando Rey pola súa "contribución ao desenvolvemento da industria audiovisual galega". Deseñou e dirixiu a Axencia Audiovisual Galega da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia desde 2006 até 2009.

Antón Reixa é produtor, escritor, director e guionista. Foi letrista e cantante do grupo Os Resentidos (1982-1994). Son múltiples os seus traballos no campo da videocreación con pezas como *Salvamento e socorrismo* (1985), *Nordesia* (vídeo e vídeo-performance para o CGAC) ou a videoinstalación *Cuota de pantalla* (2008). Como artista multimedia comezou a súa andaina escribindo poesía como integrante do grupo Rompente. Como actor participou nas longametraxes *Lena* (2001), *Canícula* (2002) e *Érase outra vez* (2000). Actualmente preside a produtora audiovisual Filmanova, da que é socio fundador, e tamén, desde o ano 2005, o Clúster Audiovisual Galego. Escribe en *Xornal de Galicia* e colabora no programa *Julia en la Onda* de Onda Cero.

DIRECCIÓN: Santiago Olmo

COORDINACIÓN CGAC: Gema Baños

PROGRAMA

Xoves, 17 de xuño

19:30: Presentación

20:00: *Mamasunción, 1984*

Cor / 21 min / **Dirección:** Chano Piñeiro / **Producción:** Chano Piñeiro / **Guión:** Chano Piñeiro / **Fotografía:** Miguel Ángel Trujillo / **Sinopse:** Unha anciá ve pasar os días sen que lle cheguen noticias do seu fillo, emigrado hai moito tempo en América. Unha ollada lírica e crítica sobre os efectos da diáspora galega.

20:30: Coloquio con Uxía Blanco, Manolo González e Antón Reixa.

Venres, 18 de xuño

19:30: *Sempre Xonxa, 1989*

Cor / 114 min / **Dirección:** Chano Piñeiro / **Producción:** Producións Cinematográficas Piñeiro, S.A. Coproducida pola Televisión de Galicia e pola Sociedade Estatal Quinto Centenario / **Guión:** Chano Piñeiro / **Fotografía:** Miguel Ángel Trujillo / **Sinopse:** Xonxa, Pancho e *Birutas* medran xuntos na aldea. Chegada a adolescencia, *Birutas* emigra a América e durante dez anos non dá sinais de vida, até que ben traxado e manexando un bo coche regresa á aldea coa certeza de que o que deixou, fica agardando.

As películas proxectaránse en DVD.

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n, 15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 631 / Fax: 981 546 605

cgac.pedagogia@xunta.es / www.cgac.org



Manolo González participa activamente desde 1984 en el desarrollo del audiovisual gallego. Realizó la investigación y catalogación de la memoria audiovisual de la emigración gallega. Fue creador y director de la Escuela de Imagen y Sonido de A Coruña (1990-1998). Actualmente es profesor del Máster de Producción y Gestión Audiovisual de la Universidad de A Coruña (1998-2010). Participó en numerosos eventos, festivales y muestras audiovisuales, así como en charlas y coloquios en foros nacionales e internacionales. En 1999 se le concedió el premio honorífico Fernando Rey por su "contribución al desarrollo de la industria audiovisual gallega". Diseñó y dirigió la Agencia Audiovisual Gallega de la Consellería de Cultura y Deporte de la Xunta de Galicia desde 2006 hasta 2009.

Antón Reixa es productor, escritor, director y guionista. Fue letrista y cantante del grupo Os Resentidos (1982-1994). Son múltiples sus trabajos en el campo de la videocreación con piezas como *Salvamento e socorrismo* (1985), *Nordesia* (vídeo y vídeo-performance para el CGAC) o la videoinstalación *Cuota de pantalla* (2008). Como artista multimedia comenzó su andadura escribiendo poesía como integrante del grupo Rompente. Como actor participó en los largometrajes *Lena* (2001), *Canícula* (2002) y *Érase outra vez* (2000). Actualmente preside la productora audiovisual Filmanova, de la que es socio fundador, y también, desde el año 2005, el Clúster Audiovisual Gallego. Escribe en *Xornal de Galicia* y colabora en el programa *Julia en la Onda* de Onda Cero.

DIRECCIÓN: Santiago Olmo

COORDINACIÓN CGAC: Gema Baños

PROGRAMA

Jueves, 17 de junio

19:30: Presentación

20:00: *Mamasunción, 1984*

Color / 21 min / **Dirección:** Chano Piñeiro / **Producción:** Chano Piñeiro / **Guión:** Chano Piñeiro / **Fotografía:** Miguel Ángel Trujillo / **Sinopsis:** Una anciana ve pasar los días sin que le lleguen noticias de su hijo, emigrado hace mucho tiempo en América. Una mirada lírica y crítica sobre los efectos de la diáspora galega.

20:30: Coloquio con Uxía Blanco, Manolo González y Antón Reixa.

Viernes, 18 de junio

19:30: *Sempre Xonxa, 1989*

Color / 114 min / **Dirección:** Chano Piñeiro / **Producción:** Producións Cinematográficas Piñeiro, S.A. Coproducida por la Televisión de Galicia y por la Sociedad Estatal Quinto Centenario / **Guión:** Chano Piñeiro / **Fotografía:** Miguel Ángel Trujillo / **Sinopsis:** Xonxa, Pancho y *Birutas* crecen juntos en la aldea. Al llegar la adolescencia, *Birutas* emigra a América y durante diez años no da señales de vida, hasta que bien trajeado y conduciendo un buen coche regresa a la aldea con la certeza de que lo que dejó sigue esperándole.

Las películas se proyectarán en DVD.

